



INSTRUCCIÓN 8/2020, DA XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, SOBRE AS MEDIDAS EN MATERIA DE PERSOAL COMO CONSECUCENCIA DO CORONAVIRUS SARS-CoV-2, RESPECTO AOS PROFESIONAIS DISPENSADOS DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS POLO EXERCICIO DE FUNCIÓNS SINDICAIS

Nas instrucións 4 e 5/2020 desta xerencia dispúxose un elenco inicial de medidas, de carácter excepcional, dirixidas a garantir a dispoñibilidade de profesionais para facer fronte á carga asistencial crecente derivada do coronavirus SARS-CoV-2.

Entre as ditas medidas recóllese a facultade das xerencias e direccións das entidades sanitarias de proceder á denegación, suspensión ou revogación das licenzas e permisos regulamentarios do seu persoal; cuxo desfrute efectivo quedará, en todo caso, subordinado á capacidade de resposta ás necesidades asistenciais derivadas da crise sanitaria en cadanseu ámbito.

Posteriormente o Ministerio de Sanidade, na súa Orde SND/232/2020, do 15 de marzo (BOE núm. 68, do 15 de marzo) estableceu determinadas medidas especiais en materia de recursos humanos para reforzar o Sistema Nacional de Saúde. Varias desas medidas foron logo desenvolvidas e implantadas de xeito específico no Sistema Público de Saúde de Galicia a través da Instrución 7/2020, desta mesma xerencia.

Pola súa vez, a medida prevista no punto *Quinto* da devandita orde posibilita a reincorporación voluntaria de persoal que, pola realización de funcións sindicais, goza dun permiso específico que o exonera da prestación ordinaria de servizos.

Á vista da evolución actual da crise e da vontade publicamente manifestada por diversas organizacións sindicais de reforzar o sistema sanitario co persoal

Instrución 8/20





arestora dispensado de prestar servizos por mor do exercicio de funcións sindicais, resulta procedente posibilitar que se fagan efectivas, dun xeito homoxéneo, as citadas reincorporacións.

INSTRUCCIÓN

Primeira. Obxecto

A presente instrución regula a reincorporación do persoal con dispensa absoluta de prestación de servizos pola realización de funcións sindicais, para que poida desempeñar funcións asistenciais relacionadas coa atención ao COVID-19.

Cada profesional poderá solicitar por escrito a súa reincorporación ante o órgano competente en materia de persoal da correspondente xerencia ou entidade á que estea adscrito o seu posto de traballo, sen necesidade de empregar para tal efecto ningún modelo normalizado de solicitude.

Segunda. Situación do persoal substituto

A reincorporación dos profesionais mencionados no punto anterior non suporá o cesamento do persoal con nomeamento de substitución que, de ser o caso, estea a ocupar actualmente a praza ou posto de traballo do/a solicitante.

Terceira. Efectos da incorporación

A incorporación terá lugar no servizo ou unidade no que o/a profesional teña a súa praza reservada.

Instrución 8/20





No entanto e consonte o punto décimo da Orde SND/232/2020, do 15 de marzo, a dirección da respectiva xerencia/entidade poderá asignarlle servizos de carácter extraordinario en canto á duración, funcións e ámbito xeográfico da prestación, en idéntica medida que ao resto dos profesionais da institución e sen prexuízo das garantías básicas en materia de descansos do persoal.

Cuarta. *Carácter da incorporación*

Como criterio xeral en aras de garantir a asistencia sanitaria, procederase á reincorporación gradual dos profesionais con dispensa de asistencia pola realización de funcións sindicais que o soliciten. De xeito que as incorporacións serán progresivas e daranlle preferencia á voluntariedade expresada polo persoal afectado.

Con todo, no suposto de que o requirisen os acontecementos e de constar a existencia de profesionais que mantivesen a súa dispensa sindical, as respectivas xerencias/entidades poderán promover ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde a suspensión ou revogación temporal dos permisos ou dispensas eventualmente subsistentes, incluíndo o seu traslado, se fose o caso, ao órgano competente da Consellería de Facenda que tivese autorizado o permiso correspondente.

Sen prexuízo das resolucións da competencia da Consellería de Facenda, a antedita suspensión ou revogación de dispensas poderá alcanzar a totalidade da representación sindical, coa excepción dunha persoa liberada por área sanitaria, por cada organización sindical con representación na Mesa Sectorial, agás que a evolución da crise sanitaria faga inviable a aplicación desta excepción por mor da indispoñibilidade absoluta de profesionais.





Quinta. *Vixencia*

As reincorporacións do persoal afectado por esta instrución permanecerán vixentes ata que a xerencia/dirección respectiva o considere necesario, dentro da marxe de temporalidade prevista no punto décimo primeiro da Orde SND/232/2020, do 15 de marzo.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2020

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo



Instrución 8/20

